


QUILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE



Save the Children



DOSSIER

Esta guía didáctica
componse dun dossier e
dunha serie de propostas
de actividades para
as distintas etapas
educativas. Pretende ser
unha ferramenta útil para
o profesor, que axude
a complementar o seu
labor de sensibilización
achegándolle datos,
información e coñecemento
de outras realidades
para apoiar a educación
en valores como a
solidariedade, o respecto,
a cooperación e a
responsabilidade.

Dirección:
Marisol Paniagua

Colaboración:
Marisa Ortega del Val

Arte e maquetaxe:
Germán Gullón (VALBHY)





INTRODUCCIÓN

Durante o curso 2018-2019 celebramos a XV edición da carreira escolar “Quilómetros de Solidariedade”, correndo polo dereito á educación dos menores máis vulnerables, daqueles que viven como refuxiados por causa dun conflito armado, a consecuencia do cal as súas posibilidades de seguir estudando se viron minguadas.

No mundo existen demasiados nenos e nenas sen escolarizar ou que reciben unha educación intermitente. Cada un destes nenos e nenas ten un soño e un potencial que posiblemente no cheguen a cumprir nin poidan desenvolver se non os apoiamos. Cada un destes nenos e nenas ten o dereito a recibir unha educación e é a nosa obriga acadar que este dereito se leve a efecto.

Sen educación non poderán optar a un tipo de emprego de calidade capaz de mellorar as súas vidas e de crebar o ciclo de pobreza, un factor que afecta sobre todo ás nenas, pero que tamén repercute nas súas familias e no progreso da súa comunidade.

Seguro que todos podemos facernos unha idea do dura que sería a nosa vida no medio dunha guerra, pero ¿somos capaces de imaxinarnos como a vive un neno ou unha nena que non entende por que a súa vida cambiou da noite á mañá?



No mundo existen millóns de nenos e nenas aos que se lles arrebatou a posibilidade de acudir á escola
por viviren nun país pobre ou asolado por un conflito.


INFANCIA EN CONFLICTO

QUE SIGNIFICA SER NENO NUNHA GUERRA?

Ser un neno ou nena vítima dun conflito non significa ser unicamente alguén que tivo que abandonar o seu país por causa dunha guerra ou que vive baixo as bombas, significa que che arrebataron a infancia. A guerra pon patas arriba o mundo do neno. Todo o que para el ou ela representaba algún tipo de seguridade está esnaquizado: a súa casa destruída, dificultades de acceso para a súa comunidade a auga potable limpa e aos alimentos básicos, imposibilidade de acudir á escola xa sexa porque está pechada ou porque a viaxe resulta perigosa, hospitais saturados de vítimas do conflito, incapacidade dos pais para traballar de forma regular e, por tanto, de obter ingresos regulares...

Aspectos como estes levan a que se vexan obrigados a fuxir para salvar a vida, no mellor dos casos en compañía dos seus pais e, en ocasións sós, emprendendo unha viaxe incerta e chea de perigos ao longo da cal moitos deles se converten en vítimas da violencia máis extrema.

Os menores refuxiados constitúen un dos colectivos máis vulnerables. Un dato significativo neste sentido é que contan con cinco veces máis posibilidades de **non acudir á escola** que un neno que non sexa refuxiado. Os máis afortunados chegan a lugares seguros, pero alí a súa vida tampouco resulta doada. Nestes casos **a escola convértese nun refuxio dentro do refuxio**, un lugar no que poden recuperar a esperanza e, sobre todo, no que podemos ver que recuperan a alegría. Comezan a ser nenos e nenas outra vez.



ALGÚNS DATOS QUE NOS AXUDAN A COMPRENDER A MAGNITUDE DO PROBLEMA

- **357 millóns de nenos e nenas viven en zonas de conflito.** Este dato supón que 1 de cada 6 nenos vive exposto á violencia.
- **Existen 60 millóns de persoas desprazadas no mundo,** e máis da metade son menores de 18 anos.
- **Cada día, 28.300 persoas vense obrigadas a fuxir dos seus fogares** debido a conflitos e persecución.
- **O período medio que unha persoa pasa como refuxiada é de 17 anos.** É dicir, toda a infancia.
- **Máis da metade das persoas refuxiadas pertencen a tres países:** Siria, Afganistán e Sudán do Sur.
- **A metade da poboación siria despois de case 8 anos de conflito está desprazada** dentro ou fóra do país.

UN DOS PEORES LUGARES DO MUNDO PARA SER NENO

A guerra de Siria entra no seu oitavo ano e non parece atopar solución; a situación continúa a ser grave. 11 millóns de sirios abandonaron os seus fogares e case 3 millóns permanecen en zonas asediadas de difícil acceso, os nenos e nenas necesitan comida, auga e atención médica. 2 de cada 3 perderon algún ser querido, viron a súa casa bombardeada ou sufriron lesións. Os distintos grupos armados do conflito seguen a bombardear escolas e instalacións médicas e continúan atacando a civís. Unha xeración de nenos crece sen coñecer outra cousa que a guerra e está a perder a súa educación e o seu futuro.



O NOSO TRABALLO

En 2017, Save the Children proporcionou resposta sobre o terreo actuando en 43 conflitos en todo o mundo, co obxectivo de protexer os nenos e nenas, defendendo os seus dereitos e axudándoos a continuar a ser efectivamente nenos. Este traballo desenvolveuse grazas a doantes, institucións e, como no caso dos nosos programas en centros escolares, a nenos que axudan a outros nenos a través do seu esforzo e compromiso. **Durante este curso, en 2019, cumpriremos 100 anos, unha data para celebrar cun gran reto: Un millón de nenos e nenas que axudan a outro millón de nenos aos que a guerra arrebatou os seus soños.** Estamos seguros de que imos conseguilo.

No caso da **guerra en Siria**, atendemos a nenos desprazados e refuxiados nos nosos “Espazos seguros amigos da infancia”, tanto en Xordania, Líbano, Iraq, Exipto como dentro da propia Siria. Neste lugares proporcionáselles axuda psicosocial e ofrécense actividades destinadas especialmente a que os nenos que presenciaron feitos traumáticos poidan superar a súa angustia e comezar a recuperar a súa infancia.

O CAMPO DE REFUXIADOS DE ZAATARI

Creado o 28 de xullo de 2012, próximo á fronteira norte de Xordania con Siria, como solución temporal para os sirios que fuxían da guerra no seu país. Despois destes anos, o que se pensou como algo temporal converteuse nun asentamento de máis de 80.000 persoas que xa non podían vivir durante máis tempo en tendas de campaña e que na actualidade viven en refuxios temporais dunha maneira máis organizada, aínda que dependendo sempre da solidariedade internacional e das distintas organizacións non gobernamentais.

ALGÚNS ASPECTOS QUE CÓMPRE TER EN CONTA PARA ENTENDER A VIDA EN ZAATARI

- **A superficie do campo é de 5,3 km².**
- **Prodúcese unha media de 80 nacimentos semanais** y de 14.000 consultas médicas.
- **Hai 21.400 nenos e nenas escolarizados en 31 escolas e 58 centros comunitarios.**
- **1 de cada 5 fogares está encabezado por unha muller.**
- **Carecen de auga corrente** e a electricidade funciona de maneira descontinua.
- **As temperaturas oscilan entre 0° en inverno e 45° en verán.**



O NOSO TRABALLO EN ZAATARI

Save the Children Xordania estivo traballando desde o nacemento do campamento para mellorar as condicións de vida e as oportunidades dos nenos, nenas e xente moza desenvolvendo programas que inclúen educación, saúde e nutrición, protección e atención á pobreza infantil.



EDUCACIÓN

Tanto para os nenos e nenas refuxiados que viñeron a vivir ao campo como para aqueles que naceron xa nel, contar con acceso a unha educación é fundamental tanto para mellorar as súas oportunidades de futuro como para o seu benestar emocional e psicolóxico. Crear rutinas, aprender e dispoñer dun contorno seguro e amigable onde poder xogar no medio dun espazo como o campo de refuxiados, axuda á estabilidade emocional dos nenos e nenas.

O noso obxectivo é mellorar os seus resultados de aprendizaxe e o seu benestar. Para iso puxemos en marcha **12 centros** nas comunidades de acollida para proporcionar educación e servizos de atención á infancia. **5.000 nenos e nenas** pasan ao ano polos Centros de Educación Temperá.



SAÚDE E NUTRICIÓN

Nais, neonatos e nenos e nenas menores de cinco anos necesitan coidados especiais. Por iso o enfoque dos nosos programas de saúde e nutrición está dirixido especialmente a eles, que son os máis vulnerables. Promovendo as mellores prácticas para a lactación materna e brindando orientación ás mulleres embarazadas e ás nais, conseguimos diminuír o risco de mortalidade infantil no campo.

1.035 nenos e 165 mulleres embarazadas e nais lactantes foron tratados por desnutrición nun ano. Adestramos 96 profesionais sanitarios de clínica e voluntarios comunitarios nos campos de refuxiados para detectar casos de desnutrición. Apoiamos o labor de 17 centros de alimentación para nenos e xente moza que atenden a 43.000 mulleres embarazadas e lactantes nos campamentos e comunidades de acollida. Repartimos pan cada día a **74.000 refuxiados**.



PROTECCION INFANTIL

Os programas de protección infantil de Save the Children en Xordania tratan de conseguir cambios duradeiros para garantir que os nenos e as nenas se atopen seguros e protexidos. Facémolo a través de programas e accións adaptadas ás súas circunstancias e necesidades.

Apoiamos **3 centros de acollida y de actividades** para ofrecer á xente moza do campo de refuxiados oportunidades educativas. Ademais, **evitáronse 38 matrimonios infantís** a través de sesións de sensibilización.

Convidámoste a completar a información co seguinte documento que atoparás na nosa web:



bit.ly/2PaROeJ

ACTIVIDADES

A educación transmite valores, coñecementos, constrúe identidades, axuda a forxar a personalidade e contribúe á plenitude persoal. A educación mellora as sociedades e a calidade de vida de nenas e nenos. Por iso a educación é un Dereito Humano de toda a infancia.

É preciso garantir o dereito á educación nos conflitos armados, brindar seguridade a nenos e nenas, que poidan construír o seu futuro, levar a cabo os seus soños e salvar as súas vidas.

Durante este curso Save the Children cumpre cen anos de existencia traballando pola infancia e, para celebralo, propoñémosvos un reto: ¿podemos conseguir que un millón de nenos, nenas e as súas familias axuden a outro millón de nenos aos que a guerra deixou sen escola?

O material didáctico proposto aproxima o coñecemento de realidades do mundo e de procesos de participación posibles en favor da xustiza, a igualdade de dereitos e a dignidade.

Os obxectivos

- Dar a coñecer a situación das nenas e os nenos sirios que tiveron que fuxir do seu país pola guerra.
- Espertar actitudes positivas necesarias para mellorar a vida en xeral e as de nenas e nenos desprotexidos en particular.
- Facilitar a participación a favor da igualdade e dun futuro seguro das nenas e nenos sirios.

Os contidos

Protección, seguridade, refuxiados, educación, Dereitos da Infancia, soños, acollida, fronteiras, conflito, guerra, sentimentos, igualdade, seguridade, calidades para mellorar a vida.

As competencias

- Escoita, asimilación e análise
- Interese, empatía e comprensión
- Reflexión, diálogo e colaboración
- Creatividade e expresión
- Traballo en grupo, negociación e cooperación
- Experiencia, responsabilidade e resolución

No deseño das actividades téñense presentes tres **procesos** metodolóxicos que se axustan á **aprendizaxe** curricular dos diferentes niveis educativos:

- **COÑECER:** proceso de escoita e comprensión da información.
- **REFLEXIONAR:** proceso de asimilación para sacar conclusións individuais e/ou grupais.
- **PARTICIPAR:** proceso de acción responsable a favor da xustiza e a igualdade de oportunidades.



50 min

«UN REFUXIO EN CLASE»

Idade: 3-6 anos

PROPOÑÉMOSCHE

Que os participantes pensen na necesidade de sentirse seguros. O xeito de achegar o concepto de seguridade desenvólvese a través da construción dun refuxio na clase. Os nenos e as nenas reflexionan sobre a quen convidarían ao refuxio como unha forma de comezar a coñecer outras realidades e de ampliar a súa percepción sobre a igualdade entre todos os nenos e nenas do mundo.

NECESITAS

Material reciclado (cartóns de ovos, bandexas...), teas, pinceis, pinturas, rotuladores, adhesivos, pegamento, papeis de cores, la, corda, cordón, punzón, grampadoras...

MODO DE REALIZALO

Convidar a nenos e nenas a construír xuntos un refuxio (5 min)

A profesora explica que todos necesitamos un refuxio para acubillarnos e sentirnos seguros, necesitamos un lugar protexido do frío, da calor, do medo, do ruído... e poder sentirnos seguros xunto aos que nos queren.

Pregunta e rolda de respostas (10 min)

Reunímonos en círculo, a profesora pregunta: A quen convidaríamos ao noso refuxio? Os nenos e nenas responden de forma espontánea, e finalízase a rolda explicando que ela convidaría a nenos e nenas de Siria que levan moitos anos buscando un refuxio tranquilo e un colexio onde poder sentirse seguros.




Comezamos o refuxio (25 min)

A profesora prepara pinturas, papeis e adhesivos para dar cor aos cartóns de ovos, ás bandexas recicladas... todo o material reciclado dispoñible. A profesora unirá con la ou corda os materiais decorados ata dar forma ao tellado. Posteriormente engancharase unha tea (en tiras, a modo de cortina...) ao tellado, do que quedará colgando, dando forma ás paredes. (Esta é só unha posibilidade de construción. Tamén pode facerse un refuxio máis sinxelo cunha tenda de campaña e despois decorala).

Sentimos o noso refuxio (10 min)

Unha vez finalizado o refuxio, a profesora explica que servirá para acubillarnos sempre que necesitemos sentirnos ben e que nos queiran. Entón pasaremos a coñecer o refuxio de un en un, xuntos, cantando, bailando, escoitando, de gatiñas, sorrindo... serviranos para saber a importancia de sentirnos seguros.



SUXESTIÓNS

Como tarefa previa á actividade, convidamos ás familias a traer material reciclado (bandexas, cartóns de ovos... e teas que non usen).

O tempo utilizado nas diferentes fases da actividade é orientativo, pode estenderse ou acurtarse segundo o criterio docente e a idade dos participantes.

Ver vídeos e artigos sobre a realidade dos refuxiados sirios é importante para contextualizar o motivo da participación na iniciativa.

PREGUNTA AO FINALIZAR

Cantos nenos e nenas vos sentides protexidos e seguros?, que necesidades para sentirvos seguros?, coñecemos algún neno ou nena que non se sinta seguro?, por que?



«PINTA A EMOCIÓN DE HALIMA»

Idade: 6-9 años

PROPOÑÉMOSCHE

Que os participantes coñezan os sonhos e sentimentos dunha nena refuxiada a través dun breve relato. Despois estes sentimentos e estes sonhos de Halima plasmaranse en viñetas ou murais con debuxos. Ao final debaterase sobre os sonhos.

NECESITAS

Relato de Halima, papel continuo, rotuladores, pinturas.

MODO DE REALIZALO

Contar un relato (10 min)

O profesor conta o relato dunha nena de 13 anos que podería chamarse Halima:

Halima tiña un sonho, sentíase moi satisfeita de querer ser veterinaria desde pequena. Con todo, leva cinco anos sen poder ir ao colexio, «sinto desalento, decepción e frustración».

A Halima gustaríalle estudar: «Se puidese estudar, podería aliviar a miña preocupación polo futuro, gustaríame ter a agradable sensación de cumprir o meu sonho de ser veterinaria».

Halima moitas veces soña... «soño co meu cuarto, coa miña cama e os meus xoguetes, nada é como antes, síntome perdida, quero estar tranquila e serena».

Nada xustifica a tristeza, a perda de ilusión e os sonhos dos nenos e nenas... «Sen serenidade non podemos ser felices. Cando saín de Siria tiña moito medo a morrer na guerra, agora teño un medo diferente, teño medo á inxustiza e á falta de oportunidades para vivir... sei que podo ser calquera nena ou neno sirio».



Pintar o relato (25 min)

A profesora organiza grupos de traballo para realizar “muraís-viñeta” en papel continuo. En cada mural escríbese unha frase do relato de Halima.

Reparte os muraís polo espazo e proporciona material para debuxar. Cada grupo irá rotando polos muraís. Contarán con cinco minutos para reflectir no mural cos seus debuxos o que sinte Halima.

Debatemos os soños de Halima (15 min)

A profesora pregunta ao grupo se Halima e outros nenos e nenas han de poder cumprir o seu soño de futuro e por que. As respostas tamén se poden anotar nos muraís.

SUXESTIÓNS

A profesora estrutura a aula segundo a idade. Os muraís-viñetas organízanse segundo a idade dos participantes, tanto na elección de frases para as viñetas como no método para debuxar (debuxo libre, por grupos, observación, posibilidade de continuar o do compañeiro...)

AO FINALIZAR

Explicamos a carreira solidaria, apuntámonos a correr, repártese o carné do corredor e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que os nenos e nenas sirios teñan oportunidades de ir á escola e de sobrevivir.





«VEÑO REFUXIARME»

Idade: 9-12 anos

PROPOÑÉMOSCHE

Que os participantes contacten con algúns aspectos da realidade de nenas e nenos sirios a través dunha entrevista estruturada. O modelo de entrevista axuda a situarse en diferentes roles: o de refuxiado e o de xornalista. Ao finalizar é importante intercambiar opinións e sentimentos sobre a experiencia.

NECESITAS

Entrevista, folios e bolígrafos.

MODO DE REALIZALO

Explicación do profesor (5 min)

O profesor explica que en Siria antes da guerra se vivía igual que en España. O país de Siria leva sete anos de guerra civil. Durante este tempo moitas familias víronse forzadas a saír do seu país polo risco de perder a vida. Ao fuxir do seu país para salvar a vida convertéronse en refuxiados. Tamén poden buscar información de Siria.

Entrevistas mutuas (15 min)

A profesora propón aos participantes que se agrupen por parellas. Durante 7 minutos un membro da parella **asumirá o papel dunha nena ou neno refuxiado** e outro fará de entrevistador. Transcorridos os sete minutos cambiarán o papel.

Ao comezar a entrevista a nena ou neno refuxiado elixe un nome masculino (Alim, Badi, Isam, Namir, Nasim, Radi...) ou feminino (Amina, Anbar, Halima, Kala, Raissa).

A profesora reparte o guión da entrevista:

1. Como te chamas?
2. Cantos anos tes?
3. Siria leva sete anos de guerra civil. Canto tempo fai que saíches do teu país?
4. Cantos anos tiñas cando saíches?
5. Perdiches algún familiar na guerra?
6. Deuche acollida algún país ou estás a vivir nun campo de refuxiados?
7. Estás só ou tes algún familiar?
8. Que che tería gustado ser de maior?
9. Como era a túa casa antes da guerra?
10. Como era o teu colexio?
11. Que sentes sendo refuxiado?

Poñemos en común (10 min)

Despois das entrevistas comezamos un intercambio de opinións no que poñemos en común como nos sentimos como refuxiados e como entrevistadores. Que descubrimos?, cres que te puxeches un pouco na pel dunha nena ou neno refuxiado?, por que consideras que é difícil poñerse na súa pel?

SUXESTIÓN

É importante ver os artigos e os vídeos de Save the Children sobre a realidade de nenas e nenos refuxiados sirios para contextualizar e comprender a participación na Carreira Solidaria.

AO FINALIZAR

Explicamos a carreira solidaria, apuntámonos a correr, repártese o carné do corredor e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenas e nenos sirios teñan oportunidades de ir á escola e de sobrevivir.





55 min

«AMIGOS DESCOÑECIDOS»

Edad: 13-15 años

PROPOÑÉMOSCHE

Que os participantes coñezan a diferentes persoas que inflúen na vida dun neno refuxiado sirio a través da súa historia. Os grupos de traballo reflexionan sobre as calidades das persoas que contribúen a mellorar a vida doutros, e deliberan sobre a necesidade de protexer a dignidade dos nenos e das nenas.

NECESITAS

Historia de Radi, folios, bolígrafos, papel, cartolinas e rotuladores.

MODO DE REALIZALO

Historia de Radi (10 min)

O profesor conta a Historia de Radi, un neno refuxiado sirio: “Radi ten doce anos cando foxe só de Siria e chega a Berlín. Ninguén sabe o que viviu na súa fuxida polo Mediterráneo, nin as súas perdas.

Radi atópase completamente so en Berlín cando **Otto** e **Dorothea** o acollen na casa que compartían con outros adultos e se ocupan del. Día a día aprende o idioma, as costumes da nova familia e a adaptarse ao colexio. Pero é a gran conexión e amizade con **Berto**, un profesor de 50 anos, con **Humberta**, unha compañeira de 11 anos, e con **Oswaldo**, un home de 65 anos, o que lle axuda a convivir cos seus medos. Pouco a pouco aprende a confiar nas persoas que o acollen na súa casa compartida e na súa escola.



Pensar e anotar calidades (15 min)

A profesora organiza seis grupos de traballo. A cada grupo indícalle un nome das persoas que conforman a nova historia de Radi (Otto, Dorothea, Berto, Humberta, Oswaldo e Radi). Cada grupo durante 7 minutos dialoga sobre a personaxe e anota nun papel as calidades que consideran que ten este amigo descoñecido que lles tocou.

Poñemos en común calidades (10 min)

Despois do traballo en grupos poñemos en común as calidades das persoas que contribúen a mellorar a vida doutros e apoian a vida digna no mundo (recollemos as calidades nun mural). A profesora explica que é necesario favorecer estas calidades e que, por iso, se decidiu a participar na Carreira Solidaria polos nenos e nenas refuxiados de Siria.

SUXESTIÓNS

Despois da actividade é importante dar a coñecer os vídeos e artigos sobre refuxiados sirios de Save the Children para contextualizar de forma gráfica o motivo da participación na iniciativa.



savethechildren.es/losmassolos

AO FINALIZAR

Explicamos a carreira solidaria, apuntámonos a correr, repártese o carné do corredor e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenas e nenos sirios teñan oportunidades de ir á escola e de sobrevivir.





50 min.

«A GUERRA É UNHA FÁBRICA DE BALEIRO»

Idade: 15-18

PROPOÑÉMOSCHE

Ver un vídeo ou ler un artigo en clase sobre os campamentos de refuxiados sirios e reflexionar en grupo sobre o baleiro que xera a guerra. Para iso os grupos de traballo irán anotando palabras que poidan encher “o baleiro” ata completar unha botella de auga baleira dun litro de capacidade. Ao revelar as palabras e seleccionalas, os participantes chegan a reflexionar sobre a paz e a dignidade.



savethechildren.es/actualidad/carta-padre-refugiado-sirio

NECESITAS

Vídeo ou artigo, acceso a Internet, botellas baleiras de auga dun litro de capacidade –tantas como grupos–, papeliños recortados do mesmo tamaño, bolígrafos, rotuladores e papel continuo.

MODO DE REALIZALO

Visualización de vídeo ou artigo (15 min)

A profesora explica que se vai visualizar un vídeo ou ler un artigo sobre os nenos e as nenas refuxiados sirios, co obxecto de coñecer unha realidade da cal nos atopamos en gran medida desinformados.

Anotamos palabras (15 min)

Despois de ver o vídeo, a profesora realiza grupos de traballo de cinco participantes e reparte a cada grupo unha das botellas de auga e papeliños recortados para anotar palabras. Indica aos grupos que van realizar a actividade que leva por título “A guerra é unha fábrica de baleiro”. Cada grupo ten que comezar rapidamente a encher o baleiro que xerou a guerra. Ao sinal de comezo da profesora cada grupo deberá encher as botellas con palabras (sentimentos, obxectos, verbos, adxectivos...). Detense a dinámica no momento en que o primeiro grupo teña a botella chea.



Posta en común de palabras (15 min)

Un representante de cada grupo sae a escribir no encerado ou mural todas as palabras anotadas. Empeza o grupo que concluíu primeiro. Anotadas todas as palabras, cada grupo elixe, entre todas, as dez que consideran que poden encher a vida de nenos e nenas con dignidade e respecto. Seleccionadas as palabras, expóñense en clase e débátese o significado destas nos grupos.

SUXESTIÓNS

Esta actividade tamén pode ser adecuada para idades máis temperás. As palabras seleccionadas pódense analizar morfoloxicamente, sintacticamente, construír frases e analizar ou buscar significados.

AO FINALIZAR

A que conclusión chegaches despois da actividade?

Explicamos a carreira solidaria, apuntámonos a correr, repártese o carné do corredor e explícase a importancia de buscar patrocinadores que axuden economicamente para que nenas e nenos sirios teñan oportunidades de ir á escola e de sobrevivir.



PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A CARREIRA SOLIDARIA



Quen son os patrocinadores?, temos que buscar empresas?

Os patrocinadores son normalmente os familiares dos alumnos e alumnas (pai, nai, avós...) e o seu patrocinio pode ser pequeno. Cantos máis patrocinadores maior sensibilización e mellor aprendizaxe.

A carreira ten que ser un día concreto?

Non, podedes realizar a carreira o día que mellor conveña ao centro. Pode converterse nun día festivo e divertido á vez que solidario.

Podemos solicitar máis material se temos máis participantes?

Si, podedes pedir máis material a través do correo electrónico carrera@savethechildren.org ou por teléfono. En poucos días recibirédolo no centro.

Cando recolla os cartos dos alumnos, como llo entrego a Save the Children?

Unha vez recollido o diñeiro dos patrocinadores, o centro ingresa o diñeiro na seguinte conta:

BANCO SANTANDER
ES55 0049 1837 5620 1024 9000

Pódese facer por transferencia ou ingreso en efectivo.

Ao realizar o ingreso en efectivo poden poñernos problemas?

Depende da oficina da entidade bancaria. Antes de ir recomendámosvos que visitades na nosa web un espazo no que podedes atopar algúns consellos e documentos que vos poden axudar para evitar dificultades por parte do banco no momento de efectuar o ingreso.



bit.ly/2OAjn4d

Podemos ingresar o diñeiro recadado noutra entidade bancaria?

Temos contas noutras entidades bancarias. Neste caso, por favor poñédevos en contacto co Departamento de Programas en Centros Escolares. Facilitarémvos outras posibles contas bancarias de ingreso e indicarémvos os pasos que hai que seguir.

É importante indicar o nome do centro que realiza o ingreso?

Si, é moi importante o nome e a localidade. Desta maneira poderemos enviar o diploma de agradecemento ao centro, de modo que poida facelo extensivo a toda a comunidade educativa.

Se temos algunha dúbida, onde e con quen podemos resolvela?

Podedes contactar co Departamento de Programas en Centros Escolares a través de:

Tel.: 91 513 05 00



carrera@savethechildren.org

sol.paniagua@savethechildren.org (Marisol Paniagua coordinadora de programas)

nieves.garcia@savethechildren.org (Nieves García, técnico de avaliación)

Quilómetros de Solidariedade é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:



**SOBREVIVIR
APRENDER
ESTAR PROTEXIDO**



Save the Children